



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Agosto 2022


Santiago de Compostela, 06 de outubro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en agosto de 2022 un avance do 3,3% con respecto a agosto de 2021; no conxunto de España o incremento foi do 5,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 4,2% e os bens de equipo un 26,2% mentres que os bens intermedios retrocederon un 13,4%. Pola súa parte a enerxía medrou un 4,2%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á "fabricación de vehículos de motor" que suma 2,8 puntos, a "confección de roupa de vestir", que engade 1,6 puntos e a "fabricación de produtos metálicos" que achega 1,1 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores repercusións negativas destacan: a "metalurxia" que resta 2,0 puntos, a "industria da madeira e da cortiza" que detrae 1,7 puntos e a "industria do papel" que resta 1,6 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de agosto de 2022 registrou en Galicia un aumento do 3,3% en taxa interanual, mellorando en 10,0 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-6,8%). En España rexistrouse un avance do 5,8%, taxa 4,4 puntos superior á do mes anterior (1,4%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os bens de consumo presentan un crecemento do 4,2%, o que suma 1,6 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa do 26,2%, o que suma 4,6 puntos.
- Os bens intermedios baixan un 13,4%, cunha repercusión negativa do 3,6 puntos.
- Por último, a enerxía, que aumenta un 4,2% achegando 0,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xullo de 2022, por destino económico, os bens de consumo melloran 7,9 puntos, os bens de equipo 13,6 puntos, os bens intermedios 8,1 puntos e a enerxía 11,3 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de agosto foron: a "fabricación de vehículos de motor" que suma 2,8 puntos, a "confección de roupa de vestir", que engade 1,6 puntos e a "fabricación de produtos metálicos" que achega 1,1 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a "metalurxia" que resta 2,0 puntos, a "industria da madeira e da cortiza" que detrae 1,7 puntos e a "industria do papel" que resta 1,6 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de agosto moveuse entre o -4,9% de Cantabria e o 17,3% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Andalucía (13,7%), Navarra (13,6%), Asturias (12,6%), Madrid (12,0%) Aragón (9,4%) e Murcia (6,5%).

IPI Agosto 2022 **Taxas de variación en %**



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	92,0	3,3	-1,3	--	--
Bens de consumo	149,2	4,2	9,1	1,6	2,5
Bens de equipo	75,9	26,2	2,3	4,6	0,5
Bens intermedios	84,2	-13,4	-3,2	-3,6	-0,9
Enerxía	65,6	4,2	-16,5	0,8	-3,5
España					
Xeral	88,4	5,8	3,5	--	--
Bens de consumo	93,2	6,0	5,2	1,6	1,3
Bens de equipo	73,6	14,9	4,4	2,5	1,0
Bens intermedios	81,6	-2,9	-0,5	-0,9	-0,2
Enerxía	107,2	9,8	6,8	2,5	1,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto 2022

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	3,3		-1,3		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	42,2	2,8	-5,3	-0,6	13,1
Confección de roupa de vestir	18,1	1,6	39,3	2,2	4,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	14,0	1,1	6,1	0,5	7,7
Outras industrias extractivas	97,0	0,9	-6,8	-0,1	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	24,0	0,6	12,7	0,4	2,6
Fabricación de bebidas	9,6	0,6	11,9	0,5	3,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	16,1	0,3	-5,6	-0,2	2,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	15,1	0,3	13,7	0,3	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2,2	0,3	-24,9	-4,2	22,3
Fabricación de material e equipamento eléctrico	13,0	0,2	-28,2	-0,5	1,4
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,8	0,1	3,5	0,1	4,1
Outras industrias manufactureiras	15,6	0,1	12,1	0,1	0,5
Industria téxtil	-0,2	0,0	-2,7	0,0	0,6
Fabricación de mobles	-1,0	0,0	26,9	0,5	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-10,1	-0,1	-16,5	-0,2	2,0
Industria química	-6,2	-0,1	15,6	0,2	1,5
Industria da alimentación	-1,7	-0,3	-1,6	-0,3	13,2
Industria do papel	-60,1	-1,6	-12,8	-0,3	2,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-32,6	-1,7	18,1	0,9	3,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-39,2	-2,0	-22,1	-1,1	5,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	88,4	5,8	3,5
Galicia	92,0	3,3	-1,3
Andalucía	93,9	13,7	6,5
Aragón	83,5	9,4	7,1
Asturias	98,3	12,6	3,8
Balears (Illes)	106,5	17,3	19,7
Canarias	90,1	1,0	5,0
Cantabria	92,2	-4,9	-1,8
Castilla - La Mancha	94,2	3,6	6,3
Castilla y León	74,0	0,8	-3,4
Cataluña	81,0	2,2	1,2
Comunitat Valenciana	88,8	1,7	3,6
Extremadura	139,5	0,0	3,1
Madrid	96,4	12,0	5,7
Murcia	120,3	6,5	6,5
Navarra	101,9	13,6	4,2
País Vasco	73,2	4,0	6,0
Rioja (La)	64,3	5,6	3,5

Fonte: INE